

CLAIRE DE DURAS

Ourika

Traducido por Xavier Senín



Vólvense os paxaros contra as escopetas

Á idade de dous anos, o cabaleiro de B., que era o gobernador do lugar³, tróuxome do Senegal. Un día, ao ver como embarcaban uns escravos nun barco negreiro que axiña ía saír do porto, tivo dó de min. Miña nai morrera e, malia os meus berros, a min levábanme no barco. O señor de B. mercoume, e, ao chegar a Francia, entregoume á señora mariscala de B.⁴, tía súa, a persoa máis amable do seu tempo, que soubo reunir as calidades máis elevadas coa bondade máis conmovedora.

³Baixo esta inicial, a narradora oculta a Stanislas Jean de Boufflers (Nancy, 1738-París, 1815), marqués de Remiencourt, coñecido como o cabaleiro de Boufflers, gobernador do Senegal entre 1786 e 1787, militar e afeccionado á literatura. Entre as súas obras cóntanse poemas e cancións, *Lettres à ma mère, sur la Suisse* (1770), *Traité sur le libre arbitre* (1808) e o conto algo licencioso *Aline, reine de Golconde* (1761), co que acadou un grande éxito. Boufflers aproveitou o seu cargo de gobernador do Senegal para crear institucións útiles e benéficas, ao tempo que se dedicaba ao contrabando de goma arábica e de ouro.

⁴En efecto, o cabaleiro de Boufflers acadou en Francia unha reputación de persoa xenerosa, pois gustáballe ofrecer ás súas amizades da alta sociedade regalos traídos de África como papagaios ou avestruces, pero tamén nenos negros que conferían «unha nota de orixinalidade» aos salóns acomodados. Así, por exemplo, para distraer os fillos de Madame de Sabran, entregoulles un neno ao que lle chamaron Vendredi, inspirándose na novela entón de moda de Defoe; e deste xeito tamén Ourika foi ofrecida como «regalo» ao seu tío o mariscal Charles-Juste de Beauvau-Craon (Lunéville, 1720-Saint-Germain-en-Laye, 1793) para lle agradecer o cargo de gobernador, e mais á súa segunda esposa, Marie-Charlotte de Beauvau (1729-1807), dado que a parella non tiña fillos.

Salvarme da escravitude e concederme a señora de B. como benfeitora significaba darme dúas veces a vida. Fun ingrata coa Providencia ao non ser ditosa, e porén, a felicidade é sempre resultado destes dons da intelixencia? Coido que máis ben é o contrario: cómpre pagar o proveito de saber a cambio do desexo de ignorar, e a fábula non nos aclara se Galatea⁵ atopou a ventura despois de recibir a vida.

Aínda tardei tempo abondo en coñecer a historia dos primeiros días da miña infancia. As miñas máis antigas lembranzas remóntanse ao salón da señora de B., onde pasaba a miña vida, amada por ela, acariñada, aloumiñada por todos os seus amigos, ateigada de agasallos, eloxiada e enxalzada como a nena máis enxeñosa e máis amena⁶.

⁵Segundo relata Ovidio nas *Metamorfoses*, Pigmalión, un célebre escultor que buscara moito tempo a muller perfecta para casar, namorouse dunha estatua de mármore que fixo el mesmo. Pigmalión soñou que Galatea cobraba vida, o cal conseguiu grazas á intervención de Afrodita.

⁶Contrariamente ao neno negro Vendredi, Ourika puido conservar o seu nome e recibiu unha educación refinada reservada tan só ás mozas aristocráticas. A mariscala consigna o aprecio que sentía pola rapaza nas súas memorias (*Souvenirs de la Maréchale de Beauvau (née Rohan-Chabot) suivis des mémoires du maréchal Prince de Beauvau (recueillis et mis en ordre par Madame Stansdish, née Noailles, son arrière-petite-fille)*, París: Léon Techener, 1872): «O señor de Beauvau adiviñara a orixinalidade do seu carácter, que reunía a meirande naturalidade cunha sorte de profundidade que lle facía reprimir mesmo a súa sensibilidade [...] A súa pureza só podía compararse coa dos anxos. Posuía un orgullo doce e modesto, un pudor natural que a preservaría para sempre dos inconvenientes que a idade e a cor farían temer para ela; o seu rostro, que gustaba a todos os que o vían, tiña para min un engado particular. Sempre a mirei con agrado: os seus fermosos ollos, a súa encantadora fisionomía, a súa graza, a súa figura, o seu porte, que só a natureza lle outorgaran, a súa nobreza, a súa bondade, todo me cativaba nela». Tras a morte do seu home, dedícalle estas palabras: «[...] a fonda dor que amosou pola súa perda aumentou o meu vivo interese por ela, até o punto de me inspirar a tenrura dunha auténtica filla. Nunca unha filla sería máis amada».

